



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Paula Ares Otero, Secretaria-Interventora do Concello de Lousame (A Coruña) do que é Alcalde Esteban Ares García

CERTIFICA: Que o **Pleno Corporativo**, na **sesión extraordinaria e urxente** que tivo lugar o día **30 de setembro do 2025**, adoptou o seguinte **acordo**, que se transcribe dun xeito literal, salvo erro ou omisión involuntarias:

3.- APROBACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO CORPORATIVO

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

1

<<A Corporación para o mandato 2023-2027, quedou constituída en virtude da sesión constitutiva que tivo lugar o 7 de xullo de 2023, como consecuencia das eleccións locais convocadas polo Real Decreto 207/2023, do 3 de abril (BOE do 4 de abril), na que resultou elixida como Alcaldesa, dona M^a Teresa Villaverde Pais.

Logo da renuncia ao cargo de Alcaldesa efectuada por D^a M^a Teresa Villaverde Pais, da que se tomou coñecemento, na sesión plenaria do día 16/09/2025, procedeuse á elección da nova Alcaldía para o restante mandato Corporativo, na sesión plenaria do día 18/09/2025. Tras estes cambios, é procedente determinar un novo réxime de organización e funcionamento do Concello de Lousame.

Sendo que o artigo 20.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) establece que un dos piares básicos da organización municipal é o Pleno Corporativo, formado por tódolos concelleiros e presidido pola Alcaldía-Presidencia.

Visto que o artigo 46.2 da LRBRL sinala que o Pleno debe celebrar sesión ordinaria como mínimo cada tres meses nos Concellos dos municipios que teñan unha poboación de até 5.000 habitantes.

Visto que o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) preceptúa que dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva a Alcaldía convocará sesión extraordinaria a fin de resolver sobre unha serie de asuntos entre os que se atopa a fixación da periodicidade das Sesións Plenarias Ordinarias.

Sendo que o artigo 18 do Regulamento Orgánico Municipal preceptúa que o Pleno celebra sesión ordinaria cada dous meses, nos días e horas que se fixen polo mesmo. A concreta periodicidade será fixada por acordo plenario dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación.

Na sesión organizativa que tivo lugar o día 12/07/2023 o Pleno Corporativo acordou realizar as sesións ordinarias o último venres non festivo dos meses impares, ás 20:30 horas.

Sen embargo, por unha cuestión de racionalización e organización administrativa interna, considérase axeitado modificar a data de realización das sesións ordinarias.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Considerando o disposto no artigo 18 do Regulamento Orgánico do Concello, segundo o cal o Pleno realizará sesión ordinaria con periodicidade bimensual; de conformidade coa normativa exposta, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: O Pleno do Concello de Lousame, órgano da máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal, previa convocatoria efectuada ao efecto pola Alcaldía, realizará **sesións ordinarias** no denominado "Salón de Plenos" **o último xoves non festivo dos meses impares**, ás **20:00 horas**, en primeira convocatoria, e dous días hábiles despois, á mesma hora, en segunda convocatoria.

Segundo: Cando o dito xoves sexa festivo, a sesión terá lugar o día hábil inmediato anterior, á mesma hora.

Terceiro: Publicar este acordo para xeral coñecemento de toda a cidadanía>>

E para que así conste, e aos efectos oportunos, emítese o presente, co visto e praxe da Alcaldía, en Lousame na data da sinatura dixital

O Alcalde, Esteban Ares García

A Secretaria-Interventora, Paula Ares Otero